



A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 12 de abril de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

25.- Bases e convocatoria de subvencións para financiar actividades e proxectos pedagóxicos no eido dos colectivos educativos existentes no Concello de Ourense para o ano 2024. Expt. Nº 2024005098

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes, acordou:

1.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria pública para a concesión de subvencións para financiar actividades e proxectos pedagóxicos do curso 2023-2024, no eido dos colectivos educativos existentes no Concello de Ourense, que se recollen no documento electrónico con número de CSV Y3GJ7WV5JEVL0TPW.

2.- Ordenar a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento e efectos, así como na páxina web do Concello de Ourense.

3.- Aprobar a convocatoria pública das subvencións para financiar actividades e proxectos pedagóxicos no eido dos colectivos educativos existentes no Concello de Ourense para o curso 2023-2024.

4.- Aprobar o gasto por importe de dezasete mil setecentos euros (17.700€) con cargo á aplicación N 200.3261.48944 do orzamento municipal (RC 202400004999).

5.- Remitirille á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense, co seguinte contido:

Extracto do acordo da convocatoria pública de subvencións para financiar actividades e proxectos pedagóxicos no eido dos colectivos educativos existentes no Concello de Ourense para o curso 2023-2024 (EXP 2024005098)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Federacións e Asociacións de Nais e Pais de centros escolares con domicilio social no Concello de Ourense e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Ourense ao finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

Segundo. Obxecto

Fomento das actividades extra-escolares organizadas polas Federacións e Asociacións de Pais e Nais de Centros Escolares radicados no termo municipal de Ourense.

Terceiro. Bases reguladoras





Concello de **OURENSE**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estarán á disposición dos interesados na páxina web do Concello de Ourense – www.ourense.gal – e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarto. Contía

Dezasete mil setecentos euros (17.700 €)

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes e documentación presentaranse mediante rexistro electrónico conforme ao artigo 14.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, achegando a documentación requirida nas Bases Reguladoras.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Tamara Silva Cid

